Plan de Emprego Local 2016-2017 PEL

PO_POEJ

PROXECTO EIXO_FSE_POEJ

COORDINACIÓN DE SERVIZOS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS E ESPAZOS NATURAIS ACUÁTICOS

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Iniciativa de Empleo Juvenil
El FSE invierte en tu futuro

Deputación DA CORUÑA

COORDINACIÓN DE SERVIZOS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS E ESPAZOS NATURAIS ACUÁTICOS

O obxectivo deste itinerario é dotar de servizos profesionais de salvamento e socorrismo acuático ós concellos a través da obtención do certificado de profesionalidade que capacite á xuventude para o desenvolvemento das tarefas e responsabilidades de coordinación dos equipos de socorristas para os areais principais, as praias fluviais e outros espazos onde se desenvolven actividades acuáticas, ao tempo que complementan as súas responsabilidades e tarefas có persoal dos servizos de emerxencias e prevención das agrupacións municipais de protección civil.

A Deputación da Coruña e a Consellería de Economía, Emprego e Industria consideraron de interese a sinatura dun convenio, para que este itinerario sexa de acreditación directa a través da expedición do correspondente certificado de profesionalidade, que en todo caso, será emitido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de cumprir as persoas participantes os requisitos previstos para tal fin no convenio asinado o pasado 7 de maio do presente ano 2018.

Táboa correspondente á acción formativa acreditada (certificado de profesionalidade con código AFDP0211:

SALVAMENTO E SOCORRISMO	DURACIÓN COMPLETA (horas)		NIVEL CP	Nº DE BENEFIC
	Teoría	PNL*		
COORDINACIÓN DE SERVICIOS DE SOCORRISMO EN INSTALACIONES Y ESPACIOS NATURALES ACUÁTICOS	540	120	3	15

*PNL: prácticas no laborais en empresa, duración en horas por alumno/a

Toda a formación específica irá acompañada obrigatoriamente de formación transversal en materia de igualdade de oportunidades, formación en idiomas e fomento da utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación, así como de accións de apoio na busca de oportunidades laborais en entidades e en empresas.



ACCIÓNS TRANSVERSAIS E COMPLEMENTARIAS		DURACIÓN (horas)
IGUALDADE DE OPORTUNIDADES		20
LINGUA EXTRANXEIRA (INGLÉS)	A2	180
NOVAS TECNOLOXÍAS	ALFABETIZACIÓN	25
	REDES Y HERRAMIENTAS	20
DESA e Soporte Vital	COMPLEMENTO FORMATIVO OFERTADO POLA EMPRESA ADXUDICATARIA PARA O ALUMNADO QUE NON POSÚA A TITULACIÓN OFICIAL CORRESPONDENTE	
INTERVENCIÓN MEDIOAMBIENTAL E INTERVENCIÓN NA ATENCIÓN A PERSOAS DISCAPACITADAS OU CON LMITACIÓNS DE MOVIMENTO NO SERVIZO DE SOCORRISMO	COMPLEMENTO FORMATIVO OFERTADO POLA EMPRESA ADXUDICATARIA	
XORNADA SOBRE DIVERSIDADE FUNCIONAL: ACTIVIDADES NO MEDIO ACUÁTICO ADAPTADAS ÁS LIMITACIÓNS PERSOAIS	COMPLEMENTO FORMATIVO OFERTADO POLA EMPRESA ADXUDICATARIA	

ORIENTACIÓN E INTERMEDIACIÓN

O acceso a un posto de traballo cualificado require o desenvolvemento competencial de aspectos persoais e profesionais para que os mozos e as mozas se sitúen favorablemente no ámbito laboral.

O plan de orientación, inserción e intermediación artéllase e ten orixe nas diferenzas entre o perfil inicial de competencias da mocidade participante e as competencias, capacidades e

habilidades a adquirir, e desenvolve as accións necesarias para que acade as competencias persoais, técnicas e profesionais que as empresas e entidades necesitan para a consecución dos seus obxectivos empresariais e que determinan os requirimentos que se esixirán ós/ás traballadores/as no ámbito laboral deste sector de actividade.

En consecuencia, o plan de traballo individual ten que definir o contido das accións necesarias para a análise da situación persoal no mercado laboral e permitirlles reflexionar sobre o seu futuro profesional, deseñando e executando un plan de acción personalizado e monitorizado para un mellor posicionamento na procura de emprego por conta allea ou a través do emprendemento, que asegure a estabilidade e o desenvolvemento profesional.

ACCIÓNS DE INTERMEDIACIÓN E ORIENTACIÓN	DURACIÓN ACCIÓN COMPLETA (horas)	COMPLEMENTA A ITINERARIO	Nº DE BENEFIC
ORIENTACIÓN. ENTRENO E DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS MULTIFUNCIONALES PARA O EMPREGO	100 h./al.	ACT. FISICA Y DEPORTIVA	15

AXUDA ECONÓMICA AS PERSOAS PARTICIPANTES NO ITINERARIO.

Está prevista a concesión dunha axuda/bolsa económica ás persoas participantes na formación específica/complementaria/transversal prevista no proxecto EIXO a fin de incentivar a súa permanencia nas mesmas e obter os obxectivos previstos de mellora da cualificación e empregabilidade e de inserción no mercado laboral .

A súa contía máxima ascenderá á cantidade de 2,6€ brutos hora lectiva de dia asistido.

Aplicaranse as retencións que correspondan segundo a situación persoal de cada un dos mozos e mozas participantes.

PERSONAS MOZAS BENEFICIARIAS DA FORMACIÓN.

Este itinerario e as accións formativas que contempla, vai dirixido a persoas mozas que reúnan os requisitos especificados na primeira convocatoria 2017 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego Xove (axudas AP_POEJ), todas elas menores de 30 anos e desempregadas da provincia da Coruña, incluídas as persoas con discapacidade, non ocupadas e no integradas nos sistemas de educación ou formación, inscritas na Oficina de Emprego correspondente e rexistradas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xove, e que ademais cumpren os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos 16 anos de idade.
- Estar empadroado/a en algún dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

- Acceso a requisitos inscrición en Garantía Xuvenil: https://empleoygarantiajuvenil.camara.es/noticias/garantia-juvenil-que-es-y-como-darse-de-alta
- Cumprir cos **requisitos de formación adscritos** a este certificado de profesionalidade en concreto:

	ou	ou	ou	ou	ou
Estar en posesión do título de bacharelato para o acceso a formación de nivel 3	**Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 3 (certificación completa ou modular)**	**Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e area profesional: Actividades Físicas e Deportivas, área prevención e recuperación.**	**Cumprir o requisito académico de acceso a ciclos formativos de grao superior ou ter superadas as probas de acceso reguladas polas administracións educativas**	**Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos**	**Ter os coñecementos formativos e/ou profesionais suficientes que permitan participar con aproveitamento nesta formación**

A selección da mocidade participante que cumpra os requisitos esixidos apoiarase na realización de entrevistas polos profesionais que integran a rede técnica municipal, seguindo os criterios técnicos e específicos predefinidos de selección no caso de que existan mais persoas candidatas que unha en cada concello e teranse en conta, para establecer a orden de envío da documentación de inscrición das candidatas, os coñecementos ou a formación previa relacionada con este área e/ou sector de actividade, a experiencia profesional ou en voluntariado, a antigüidade como demandante de emprego e a situación persoal.

Valoraranse criterios específicos como dispoñibilidade para participar e trasladarse a outra localidade, implicación activa nas accións que se desenvolvan ao arredor deste itinerario, motivación persoal, expectativas de desenvolvemento profesional desta ocupación, cualidades, habilidades, actitudes, motivación laboral, carácter emprendedor, etc. que se establecen co fin de poder perfilar a intensidade de traballo do itinerario máis adecuado a cada mozo e moza para acadar a súa inserción efectiva no mercado laboral.

Rematada a fase de selección municipal e enviadas as inscricións en prazo ó equipo técnico do proxecto EIXO, so no caso de contar alomenos con 3 persoas candidatas por praza de alumno/a realizará unha proba combinada de natación que consistirá en nadar 200 metros estilo libre nun tempo máximo de 4´15" (catro minutos 15 segundos) e realizar, sen impulso, 20 metros en apnea. As persoas candidatas serán informadas da data e localización da instalación onde realizar as probas de selección se corresponde.

PROCEDEMENTO:

1. **Inscrición e presentación de solicitudes**: todas as persoas mozas interesadas en participar teñen que entregar a solicitude e a documentación esixida no prazo e lugar establecido polo concello no que estean empadroadas.
2. **Cumprimento de criterios de carácter xeral**: O persoal técnico dos concellos, é o responsable de estimar ou desestimar as inscricións recibidas en función de si a documentación achegada está completa e é correcta. De entre as solicitudes completas e admitidas, realizará unha valoración conforme á documentación aportada e establecerán a ordenación das solicitudes segundo os criterios propios establecidos por cada concello.
3. **Entrevista Persoal**: para o caso de que existan mais persoas candidatas que unha en cada concello realizarase unha entrevista a as mozas e mozos que presentaran a solicitude e a documentación completa a achegar con ela, na que se valoren os aspectos xa comentados no apartado anterior, a participación nas accións desenvolvidas no PEL Socorrismo Acuático 2017_2018, a dispoñibilidade real de participación e asistencia ó itinerario completo deseñado (formación específica, transversal e complementaria), a non existencia de impedimentos a esta participación (eventos familiares, tratamentos ou intervencións cirúrxicas pendentes, etc.) a adecuación da acción formativa solicitada coa traxectoria formativa e profesional da persoa candidata e a existencia dun proxecto de diversificación profesional coherente en cada caso.

Como resultado deste proceso de selección, as persoas candidatas serán ordenadas por prioridade, e serán admitidas no itinerario por orden de envío da solicitude por correo electrónico en base ó prazo que se asigne dende o equipo técnico do proxecto. Coas persoas candidatas e non admitidas configurarase unha listaxe de suplentes a usar no caso de producirse baixas nos primeiros 5 días de inicio do curso.

ÁMBITO TERRITORIAL E SEDE DAS ACCIÓNS DO ITINERARIO

O ámbito territorial de orixe das persoas participantes é coincidente co ámbito territorial do proxecto, no que se circunscriben todos os concellos da provincia da Coruña, excepto aqueles que teñen máis de 50.000 habitantes, A Coruña, Ferrol e Santiago.

As sedes da formación deste itinerario dependían do proceso de licitación e as instalacións que ofertara a empresa que finalmente resultase adxudicataria.

Nesta licitación apróbase e resólvese adxudicar á contratación deste servizo á Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (FESSGA), en base ó que este itinerario es as súas accións serán impartidas na cidade da Coruña:

FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA

Polígono Industrial da Grela

Rúa Gambrinus 151, módulo 0, nave 3

15008 A Coruña

Tlfno.: 981 97 71 20



http://fessga.es/Contacto.html

fessga@fessga.es

As instalacións están acreditadas nesta especialidade formativa e no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia con núm. de censo 15H04103.

Instalación con piscina en instalación cuberta: TERMARIA, Casa da Auga, A Coruña

Autorización de Capitanía Marítima para uso de praias: Riazor e San Amaro, A Coruña

ANEXOS:

Solicitude de Inscrición
Historial formativo e laboral

Plan de Emprego Local 2016-2019 PEL

PO_POEJ

INSCRICIÓN NO ITINERARIO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO

DATOS PERSOAIS (OBRIGATORIO CUBRIR TODOS OS CAMPOS)

Nome e Apelidos:

Documento de Identidade:

Nacionalidade: Número de afiliación S.S:

Lugar e provincia/país de nacemento: Data de nacemento:

Muller		Home		**IDADE**	

Enderezo para efectos de notificacións:

Concello: Código Postal:

Teléfono fixo de contacto:

Teléfono móbil:

Enderezo persoal de correo electrónico para notificacións:

SITUACIÓNS PERSOAIS ESPECIAIS

	SI	**NON**	**ESPECIFICAR**
Rexistro Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil			
Primeiro emprego			
Reincorporación ó mercado laboral (despois da maternidade/crianza ou coidado de maiores dependentes)			

Data da antigüidade como desempregado/a:	Menos de 1 ano	
	Entre 1 e 2 anos	
	Mais de 2 anos	
Oficina de emprego na que está inscrita/o		
Inscrita/o nalgunha ETT ou bolsa específica de emprego		

FORMACIÓN XUSTIFICATIVA DOS REQUISITOS DE ACCESO A NIVEL 3	**MARCAR CUN X A QUE CORRESPONDA**
BACHARELATO	
CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 3: CERTIFICACIÓN COMPLETA OU MODULAR (indicar cal)	
CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 2 DA MESMA FAMILIA E AREA PROFESIONAL: ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA, PREVENCIÓN E RECUPERACIÓN (indicar cal)	
CUMPRIMENTO DO REQUISITO DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR OU SUPERACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO REGULADAS POLAS ADMINISTRACIÓNS EDUCATIVAS	
SUPERACIÓN DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA MAIORES DE 25 ANOS E/OU DE 45 ANOS	

DECLARACIÓN RESPONSABLE	
En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal vixente naqueles artigos que non contradigan o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais é a libre circulación deses datos, informámoslle que os datos recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro de Proxecto FSE, para a elaboración de listados de persoas participantes e datos de contacto así como ao uso posterior das imaxes que poidan ser obtidas como consecuencia da súa participación no proxecto para as accións de comunicación e difusión do mesmo. Coa inscrición a persoa solicitante autoriza á Deputación da Coruña, como responsable do tratamento de ditos datos, para o seu uso de conformidade cos criterios de calidade e seguridade esixidos pola lexislación vixente. Asimesmo poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación dirixida ao Proxecto. Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Deputación Provincial da Coruña. Av. Do Porto. 15002 A Coruña.	No concello de ....., a .....de..... .....de 20..... Asdo.
Declaro de xeito responsable: • Estar en situación de desemprego na data de inscrición ó proxecto. • Que estou informado e acepto os requisitos esixidos para ser beneficiario/a do proxecto EIXO_Estratexia de Inserción Xuvenil • Que os datos que achego son veraces e están documentalmente acreditados • Que asumo o compromiso de asistencia regular, de culminación do itinerario unha vez iniciado e de aproveitamento óptimo dos recursos extraordinarios postos á súa disposición • Que non posúo ningún impedimento físico ou psíquico que me impida o normal desenvolvemento do curso nin da profesión á que vai asociada a formación • Que adquiro o compromiso de comunicar ó/á responsable municipal correspondente calquera cambio da situación persoal nos ámbitos do desemprego (por un contrato laboral) ou da formación regrada/non regrada) durante o período que transcorra entre a data de inscrición e a data do inicio da acción formativa (no caso de ser seleccionada/o)	

Excluiranse do proceso de selección todos os formularios que non conteñan a información solicitada e a documentación que a acredite

Plan de Emprego Local 2016-2019 PEL

PO_POEJ

HISTORIAL DA PERSOA SOLICITANTE

Nome e Apelidos:

Documento de Identidade:

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA ASOCIADA A ESTA FAMILIA PROFESIONAL			
Nome do curso	**Nº horas**	**Entidade**	**Ano**

PARTICIPACIÓN EN ACCIONS DE ORIENTACIÓN LABORAL			
Nome	**Nº horas**	**Entidade**	**Ano**

FORMACIÓN ESPECÍFICA_PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS E PROXECTOS DE FORMACIÓN E INSERCIÓN		
Modalidade	**Accións nas que participou**	Ano
Proxectos do Fondo Social Europeo		
Escola Obradoiro_Casa de Oficio_Obradoiro		
Programas de Cooperación		
Programas Integrados para o emprego		
Plan AFD		
Outros		

EXPERIENCIA LABORAL: ULTIMO CONTRATO DE TRABALLO		
Nome empresa:	Actividade ou sector	
Posto de traballo:	Tipo de contrato:	Duración contrato:
Descrición das tarefas e responsabilidades	Motivo da baixa	
Data de remate do contrato		

OBXECTIVOS E INTERESES PROFESIONAIS	
Obxectivo profesional	

Area ou sector de actividade	
Preferencia horaria da xornada laboral	

Preferencia tipo contrato	

Preferencia duración contrato	

Predisposición aos desprazamentos e ao cambio de domicilio	

_____ , ___ de _____ de 20 En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal vixente naqueles artigos que non contradigan o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais é a libre circulación deses datos, informámoslle que os datos recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro de Proxecto FSE, para a elaboración de listados de persoas participantes e datos de contacto así como ao uso posterior das imaxes que poidan ser obtidas como consecuencia da súa participación no proxecto para as accións de comunicación e difusión do mesmo. Coa inscrición a persoa solicitante autoriza á Deputación da Coruña, como responsable do tratamento de ditos datos, para o seu uso de conformidade cos criterios de calidade e seguridade esixidos pola lexislación vixente. Asimesmo poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación dirixida ao Proxecto. Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Deputación Provincial da Coruña. Av. de Cádiz nº 1_1º. 15008 A Coruña.	11 Asdo.

OBSERVACIÓNS

LISTADO DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS:

Escanear e achegar a través do correo electrónico pel.socorrismo.acuatico@dacoruna.gal nun único envío:

1. Solicitude completamente cumprimentada e asinada
2. Historial formativo e profesional cumprimentado e asinado da persoa candidata
3. DNI por ámbalas dúas caras
4. Tarxeta ou documento que acredite o número de Afiliación á Seguridade Social
5. Certificado/volante actualizado de empadroamento
6. Tarxeta de demanda de emprego debidamente actualizada (non se considerarán as tarxetas de demanda de mellora de emprego)
7. Documento que acredite o requisito de acceso a certificados de profesionalidade de nivel 3
8. Documento que acredite a inscrición no rexistro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (*Acceso a zona persoal na plataforma de Garantía Xuvenil e descarga no apartado de "notificacións" do documento, en formato "pdf", que acredita que a persoa solicitante está rexistrada e é beneficiaria do sistema*)